



ACTA Nº 2021/9

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 25 de xuño de 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA
ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
RAMÓN VIGO SAMBADE
PILAR IGLESIAS LEMA
MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
INTERVENTORA: ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

I. Borrador da sesión celebrada o 28 de maio de 2021.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación da Conta Xeral 2020. Expediente Nº 2021/T017/000001.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 17 de xuño de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación da Conta Xeral 2020. Expediente Nº

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



2021/T017/000001.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da Conta Xeral 2020.

EXPEDIENTE Nº: 2021/T017/000001.

Considerando a Conta Xeral correspondente o Orzamento Municipal do 2020 formada pola Intervención Municipal deste Concello e documentación que a acompaña.

Resultando que dita Conta foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Economía e Facenda (que asume as función de Comisión Especial de Contas) celebrada o 26 de abril de 2021.

Consta no expediente a exposición pública durante quince mais oito días, no BOP Nº 81 do 3 de maio de 2021 así como no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Consta informe do encargado do rexistro do Concello conforme o cal, no prazo de alegacións dende o 04/05/2021 ao 04/06/2021 non se presentaron reclamacións ao respecto.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao Orzamento Municipal do 2020.

Segundo.- Unha vez aprobada a Conta Xeral do 2020, por parte do Pleno Municipal, será rendida e sometida, con toda a documentación que a integran, á fiscalización da Consello de Contas, remitida telemáticamente a devandito organismo, nos termos establecidos no artigo 212.3 de Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sra alcaldesa.

Margarita Lamela Louzán.

Asinado dixitalmente ao marxe.”

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame o resulta aprobado no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 8 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.



DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para as prazas de Auxiliares de Policía Local. Expediente Nº 2020/A005/000003.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día xoves 17 de xuño de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para as prazas de Auxiliares de Policía Local. EXPEDIENTE Nº 2020/A005/000003.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para as prazas de Auxiliares de Policía Local.

EXPEDIENTE Nº 2020/A005/000003.

Visto o Convenio, que se transcribe:

“CONVENIO TIPO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL.

Santiago de Compostela, ... de ... de ...

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local

DOUTRA, ..., titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de..., actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e facultado para a sinatura deste convenio polo Pleno do Concello, segundo acordo adoptado na sesión de ..., en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de réxime común]/123.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de gran poboación].

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento deste convenio,



EXPOÑEN:

I.- A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que “a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración”.

En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que “a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade”.

II.- Dentro do devandito marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

III.- Mediante acordo do Pleno de data ..., adoptado en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de réxime común]/123.1.j da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de gran poboación], o Concello de ... delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para as prazas de auxiliares de policía local, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

Para instrumentar esta delegación, e de acordo co previsto no artigo 2.3 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, e na lexislación de réxime xurídico do sector público e de réxime local, ambas as dúas partes acordan as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Obxecto.

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Cee na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para as prazas de auxiliares de policía local.

2. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas de auxiliares de policía local, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

3. Para o ano 2018 a delegación realizada polo concello é aceptada pola Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación cos procesos selectivos para o acceso mediante o sistema de quenda libre á categoría de policía e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, de acordo coa previsión recollida na alínea a) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

No momento en que a previsión recollida na alínea b) da devandita disposición adicional única se desenvolva para as demais categorías e sistemas de acceso aos corpos de policía local, a delegación realizada polo concello, de ser o caso, con esas outras categorías e sistemas de acceso, é aceptada e producirá plenos efectos, sen precisar novo acordo plenario, debendo o concello comunicar, nos prazos establecidos no Decreto 115/2017, as novas prazas a convocar.

Entrementres non se leve a cabo o referido desenvolvemento, o concello poderá convocar e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



desenvolver os procesos selectivos das categorías e sistemas de acceso aos que se refire o parágrafo anterior, coa obriga de reservar praza, dentro dos prazos establecidos, nos cursos selectivos de formación ou capacitación para as persoas que resulten aprobadas ou obteñan praza.

SEGUNDA: Comunicación á Academia Galega de Seguridade Pública das prazas concretas de auxiliares de Policía Local a convocar e prazo para efectuar a devandita comunicación.

1. O concello, no momento da sinatura do convenio ou ben nun momento posterior e, en todo caso, antes dos prazos que a continuación se indican, deberá comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que se recolle no Anexo I, o número, a denominación e as características das prazas de auxiliares de Policía Local que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

2. A comunicación deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria das prazas, segundo o modelo que se recolle no Anexo II deste convenio.

3. Os prazos para efectuar a devandita comunicación son os seguintes: a) Excepcionalmente para o ano 2018: - Ata o final do mes de marzo, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixilantes municipais - Ata o final do mes de febreiro, para os prazos de auxiliares de policía local. b) A partir do ano 2019: - Antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixilantes municipais ou para o resto de categorías e sistemas dos corpos de policía local cuxos procesos selectivos unitarios estean habilitados conforme a previsión do apartado b) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro. - Antes de que remate cada ano natural para as prazas de auxiliares de policía local

TERCEIRA: Alcance da delegación.

1. A delegación obxecto deste convenio comprende:

a) A aprobación e publicación das convocatorias dos procesos selectivos coas súas bases, así como a aprobación, notificación e publicación de todos os demais actos e resolucións administrativas que dean cobertura xurídica ao desenvolvemento daqueles.

b) O nomeamento e coordinación dos órganos de selección, incluído o aboamento de todos os gastos derivados da súa actuación.

c) A recepción das solicitudes de participación e o cobro das correspondentes taxas.

d) A xestión íntegra da operativa precisa para o desenvolvemento material dos procesos selectivos.

e) A cualificación das probas selectivas e a aplicación dos correspondentes baremos de méritos.

f) No convenio inclúese a selección do persoal auxiliar de policía local, a xestión das correspondentes listas selectivas nos termos establecidos polo artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

g) Todas as demais xestións relacionadas coa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos, coa excepción que se sinala no número seguinte.

h) A organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou capacitación.

2. Excepciónanse da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos.

CUARTA: Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase a aprobar e publicar as convocatorias dos procesos selectivos para o acceso ás categorías do corpo de Policía local comprendidas neste convenio e as prazas de persoal auxiliar de policía local e de vixilantes municipais sempre que as prazas comunicadas para a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os preceptivos convenios alcancen o número mínimo total de:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



– Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre e aos postos de persoal auxiliar de policía local.

– Cinco, en todos os demais casos.

Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso do persoal auxiliar de policía local, salvo o disposto nas cláusulas segunda e décima terceira.

Malia o anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma resérvase a posibilidade de convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior ao sinalado no parágrafo anterior, nos termos sinalados polos artigos 4.1 e 18.1 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

2. No suposto de non se convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas previsto no número anterior, a consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento do concello dita circunstancia. Este poderá optar entre desenvolver por si mesmo o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público.

3. O obxecto do convenio comprende a selección de persoal auxiliar de policía local, a Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase tamén a seleccionar, a través da lista prevista no artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, ás persoas precisas para a cobertura das necesidades sobrevidas desta clase de persoal que se comuniquen polo concello no modelo que se estableza para o efecto, sempre que na devandita lista existan persoas aptas para a cobertura das prazas ás que se refira a comunicación.

QUINTA: Obrigas do concello.

En virtude deste convenio, o concello asume as seguintes obrigas:

- a) Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía local, neste caso, as de auxiliares de policía local, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.
- b) Contratar como persoal auxiliar de policía local ás persoas seleccionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, logo de verificar que teñen superado o preceptivo curso de formación.
- c) Comunicar inmediatamente á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública a toma de posesión ou a contratación das persoas mencionadas na alínea anterior.
- d) Efectuar os trámites internos necesarios, nos prazos que fixe a Academia Galega de Seguridade Pública, para a incorporación efectiva aos cursos selectivos de formación ou capacitación das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.
- e) Subministrar á consellería competente en materia de seguridade e a Academia Galega de Seguridade Pública toda a información que estas necesiten e demanden consonte o previsto polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, para o cumprimento das obrigas que derivan do presente convenio.

SEXTA: Financiamento dos procesos selectivos.

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma percibirá os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos procesos selectivos, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

SÉTIMA: Comisión de seguimento.

1. Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

2. A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercera as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e o concello comprométense a resolver por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.

OITAVA: Vixencia.

1.- Este convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración.

2.- Con anterioridade á súa finalización, o convenio poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración.

3.- A finalización da vixencia do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

NOVENA: Causas de resolución.

1. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, son causas de resolución deste convenio:

a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.

b) O incumprimento das cláusulas do mesmo.

c) O mutuo acordo das partes.

2. A resolución do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

DÉCIMA: Modificacións.

9

As modificacións deste convenio formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que se esixen para a aprobación do mesmo.

DÉCIMA PRIMEIRA: Publicidade.

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:

a) Identificación das partes que interveñen.

b) Importe do financiamento.

c) Data da sinatura.

d) Finalidade.

e) Período de vixencia.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

DÉCIMA SEGUNDA: Natureza e réxime xurídico.

1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Exp. 2021/G010/000009

Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 desta.

10

2. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e a Xunta de Goberno local do concello, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asíñase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública

Alfonso Rueda Valenzuela

O/A Alcalde/sa”

Considerando o informe xurídico emitido pola Secretaría Municipal favorable a súa aprobación así como o Informe de Intervención favorable á proposta, emitidos no seu día.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación do Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para as prazas de Auxiliares de Policía Local.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Academia Galega de Seguridade Pública para posteriormente proceder a sinatura do referido Convenio.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por 1 abstencións do grupo político BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIÓNS

Sr. Vigo: si, simplemente para reiterar o que xa comentei o día da comisión, o noso grupo vai votar favorablemente, nas dúas anteriores ocasións nas que veu o pleno votamos en contra porque non era esta proposta e esta proposta ademais nos xa aconsellabamos naquel momento que se plantexase así como ven agora, se nos dixo non sabemos porque porque non, que non o permitía a academia ou a Xunta de Galicia e sin embargo agora vemos que sí, e nos parece unha forma axeitada de ... unha cuestión, porque é unha cuestión para tratar temas ou resolver temas con carácter puntual, en momentos de necesidade pois se hai que contratar un auxiliar para cubrir a tempada de verán ou unha situación na que hai menor numero de efectivos na policía, pois este desde o noso punto de vista este é o sistema correcto, así o dixemos nas veces anteriores nas que votamos en contra porque aparecían outras cousas polo medio que non tiñan que aparecer, sin o final no sentido no obxectivo de que o foran pois dicir que o que se plantexa hoxe estamos de acordo por eso quería deixalo claro no pleno como así o fixen o día da comisión correspondente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Exp. 2021/G010/000009

Sr. Alcaldesa: bueno o motivo que se trouxera con anterioridade do xeito que se trouxo foi porque nos indicou así desde a academia que tiña que ser así o convenio e planteille de novo o problema de que solamente era para a contratación temporal de auxiliaries de policia local e se podía concretar máis o convenio a suscribir e contestaronme que sí, e por eso o traio agora así, pero naquel momento non me permitían e agora sí.

Sr. Vigo: é extraño porque en principio parece que a normativa non cambiou nese senso, pero bueno, en calquera caso a nos nos parece a formula axeitada, é unha proposta do goberno entendemos que necesaria para o funcionamento normal do concello e por eso a vamos a apoiar.

Sr. Alcaldesa: algunha intervención máis

Sr. Dominguez Louro: si bueno, dende o Bloque Nacionalista Galego xa nas outras dúas ocasións demos o noso parecer no que ten a ver coa policia local, co corpo da policia local seguimos pensando que seis policias locais son máis que suficiente, sin embargo, naquelas dúas ocasións votamos en contra e nesta vámonos abster precisamente porque entendemos que tal e como vai agora redactado o convenio, pois parécenos axeitado sobre todo para pois substituir aquelas persoas, aqueles traballadores que estean de baixa ou aos que teñen que esten de vacacións que evidentemente teñen todo o seu dereito a telas e parécenos que por exemplo no verán si é necesario contar coa plantilla enteira enton... por iso neste caso nos vamos a abster, cambiamos o sentido do voto por este, polo que acabo de contar e vámonos abster para permitir que esto saía adiante.

Sr. Alcaldesa: simplemente matizar que non hai incremento nin siquera coa contratación temporal dun auxiliar da policía local con respecto ao numero, porque un policía local está de baixa e logo temos os que están en vacacións cando lle corresponden a cada un, simplemente para suplir esas ausencias.

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame o resulta aprobado no seguinte sentido: 2 abstencións do grupo político BNG e 11 votos a favor dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

4. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

Da N° 532/2021 do 24 de maio á N° 622/2021 do 18 de xuño.

INTERVENCIÓNS

Sr. Dominguez García: Hai un error no que se atribue o edificio de ahí de Cee aos heredeiros de Ramón... (inintelixible)

Sr. Alcaldesa: Xa está correxida, está correxida, xa hai outra correxida nas resolucións de alcaldía, é unha empresa,.. é Tugaldo, creo que é.

Sr. Dominguez García: Non eu digo porque me din conta por unha fotografía, senon non me daba conta.

Sr. Alcaldesa: sí, pero logo xa correximos.



Quedan enterados/as.

5. Dar conta ao Pleno da Corporación dos reparos e anomalías de Ingresos 2020, conforme ao artigo 218 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Expediente Nº 2020/X999/000040.

Quedan enterados/as.

6. Mocións de urxencia.

Intervén o Sr. Dominguez Louro e dí que pola mañá envieille a tódolos portavoces a moción que traemos para presentar e a razón de presentala así bueno, primeiro é como se veñen presentando, como decidiu o goberno que se teñen que presentar agora y segundo porque é unha moción sobre a tarifa eléctrica, sobre a subida da luz que está tan de actualidade neste momento, e creemos que bueno, que o pleno do concello de Cee tense que manifestar sobre elo.

Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada por unanimidade da Corporación.

Considerando a seguinte moción:

“Exposición de motivos

O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posible.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as



consecuencias, pois as súas actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todos estes motivos, o Pleno do Concello adopta os seguintes:

Acordos

1- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Cee da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

- a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.*
- b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.*
- c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía."*

INTERVENCIÓNS

O Sr Domínguez Louro explica a moción e lee os acordos a adoptar.

Sr. Vigo: Simplemente para... dicir que vamos a apoiar a moción, porque entendemos que ten toda a razón do que se plantexa e dicir tamén algo que realmente somos sempre os políticos das institucións máis pequenas ou non tan pequenas pero máis próximas aos cidadáns os que estamos facendo este tipo de plantexamentos, non, porque os distintos grupos políticos que pasan polo goberno que ten que tomar as decisións toman sempre decisións contrarias aos intereses económicos dos cidadáns, buscando posiblemente outro tipo de obxectivos e falando sempre de que esos obxectivos sexan no que entenden como interes xeral do Estado, o que é unha realidade é que os suministros neste país, xa sexa a enerxía eléctrica, xa sexa o gas, xa sexa o combustible, o gasoleo, gasolina, levan moitos anos subindo independentemente a veces de que subira ou non o coste de compra cando se ten que comprar cando non se produce como é neste caso no propio país, e que realmente nos sobrecargan impositivamente dun xeito totalmente irracional, e no tema da luz, xa é unha cousa surrealista porque digamos que falamos por unha parte de enerxías renovables e cargamos a enerxía solar, as enerxías limpas, realmente non o acabamos de entender, todos aqueles que non temos un coñecemento profundo sobre como se desenvolve o proceso de creación e o custe e demáis da enerxía, polo tanto ten que cambiar de algún xeito, sexa este goberno, ou o que veña ou outros que xa estiveron, porque o cidadán non pode soportar máis, sobre todo en algo que é tan fundamental para o desenvolvemento da súa vida.



Sr. Dominguez Louro: eu simplemente engadir, que o goberno do estado español ven de anunciar nas últimas horas que iba a haber un cambio en canto a redución do IVA que iba a pasar do 21 ao 10% durante os seis meses e para unhas potencias limitadas, supostamente para as máis vulnerables, para a xente máis vulnerable, non, independentemente deste parche que me parece insuficiente, hoxe salía na televisión un reportaxe donde un consumidor dunha vivenda pequena cunha factura de trinta e tantos euros podía aforrar 3, non é que os tres euros non sea importante que os aforre, evidentemente si que o son, pero é claramente insuficiente, primeiro porque estamos falando dun ben de primeira necesidade co cal debería estar atado a ese 4% e non o 10 e segundo polo que xa se puxo, xa se liu, perdón, na moción, que para ter un cambio real da factura necesítase ir a onde realmente pois van a factura, donde vai o cargo na factura, co cal e benvido sexa este parche de seis meses e esta redución, porque tres euros sei que haberá para moita xente unha fortuna, pero para nos é claramente insuficiente por iso insistimos na necesidade de facer un cambio ben profundo y donde por suposto Galiza como país produtor de enerxía e agora vaias a onde vaias non podes evitar ver muiños de vento a cada paso se nos teña esa factura diferenciada que non só evidentemente valerá para que as familias teñamos unha factura máis levadeira, unha factura da luz máis levadeira senón que tamén evidentemente valdrá para o que non temos neste momento que é unha política económica forte e de crecemento para que empresas se podan establecer aquí, por iso a necesidade de facer un cambio normativo moitísimo máis profundo.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a Moción e resulta aprobada por unanimidade dos membros da Corporación.

7. Rogos e preguntas.

Sr. Dominguez García: O camiño de Santiago convertiuse nunha das actividades económicas máis importantes da zona e en concreto de Cee e levase pelexando moitísimo tempo e o final conseguíuse que polo camiño de santiago fose moitísima xente, eu sendo alcalde colaborei nese tema como a asociación Neria como outros moitos máis pero hai un tempo a esta parte que se desvía moita xente do camiño de santiago se vai Dumbría-Muxía e non pasa por Cee, paréceme ben ese programa que se fai dende o goberno dicindo que desde Cee é o primeiro concello que se ve o mar, pero non é suficiente, eu lle recomendaría que se fixera toda a campaña publicitaria que se poidera facer promocionando o museo fernando blanco, os xardíns fernando blanco incluso o mercado turístico, que é unha ocasión que o peregrino deguste a gastronomía da zona, pero o mesmo tempo nos temos aquí un potencial importante que é Santiago de Ameixenda, que unha señora, señora Delfina que escribiu libros sobre o tema que Santiago Apostol estivo aquí na Ameixenda, proba delo é a reliquia que hai na igrexa de Santiago de Ameixenda, e eu digo que aproveitando eso, aproveitando o técnico de cultura que tamén é historiador e de acordo co clero, de ahí a importancia de levarse ben co clero, elaborar un punto de peregrinaxe que sea Ameixenda, incluso poñendo en valor tamén o Castelo do Príncipe, etc, pois marcando un camiño que non sea porque o peregrino non lle gusta ir e vir polo mesmo, gústalle.... entón marcar un camiño para alá sin tocar a general e logo volver para aquí por outro, eu creo que lle daría un valor importantísimo a parroquia da Ameixenda e o mesmo tempo a todo Cee, é unha cousa que



non costa cartos e se costa, moi pouco, e eu creo que podría dar moito movemento económico ao noso concello ao mesmo tempo que evitamos de que nos vaian por Muxía, porque os que van por Muxía non pasan por Cee non ... é unha das propostas que eu lle fago neste pleno, Sra. Alcaldesa.

Sr. Alcaldesa: Perfecto, con respecto bueno voulo a comentar ao técnico de cultura para que faga o informe correspondente, o que si podo manifestar é que hoxe a concelleira de Servizos Sociais foi a Negreira a un acto con Ildefonso, co Director Xeral do Xacobeo, levou para facerlle entrega en persoa, aínda que o presentamos xa o ano pasado en xaneiro, para que se recolla de forma oficial o que é o camiño polo Casco Antigo, porque si ven están sinalizados dous camiños, un pegado ao paseo marítimo, e o outro que é polo Casco Antigo, non está recollido de forma oficial, xa me consta que na lexislatura pasada por parte do Sr.Vigo xa se había enviado un informe, pois reiteramos, ampliamos dito informe e volvemos a solicitar hoxe, xa que non tivemos resposta pois Ema entregoullo persoalmente coa xustificación da entrega por rexistro, e dixo que iba a facer os trámites correspondentes para poder axilizalo, con independencia de poder ampliar o tema de Ameixenda e facer (inutilizable)

Sr. Dominguez García: A min o de Ameixenda paréceme un tema importante, ao mesmo tempo recordarlle que eu creo que o vin nalgún sitio a petición de poñer un quitamedos en Lires porque cortaron os pinos, e tamén en Ameixenda exactamente igual desde Ameixenda ata o cemiterio quedou aquilo agora moi peligroso.

Sr. Alcaldesa: En Ameixenda xa está pedido, aí xa pedimos presupuesto para poder facelo.

Sr. Vigo: Simplemente por alusións, pola parte que me toca de coñecemento deste tema porque un pouco foi coincidente co final do mandato da Sra. Rodriguez como alcaldesa e a miña chegada na última etapa de alcalde, ese by-pass que se fai en Dumbría é un problema. Tivemos dous problemas graves, tivemos outro onde nos trazaban o camiño de Santiago pola praia da Concha, co cual automaticamente xa nin entraban no pobo, xa baixaban de Brens pola praia da Concha para Corcubión, e ese fomos capaces de resolvelo, porque chegamos a tempo de que non estivera redactado definitivamente o trazado, cando eu lle explicaba a directora xeral de patrimonio e máis ao técnico, o técnico entendía máis que a directora xeral, vamos a ver que isto era mar, polo mar non podían vir os peregrinos, se isto é unha cuestión de historia, é imposible que atravesaran por riba da auga, o traxecto tiña que ser outro sí ou sí, que eu plantexo, que plantexaba o tradicional que coñecemos todos, o outro. Con respecto ao by-pass, non sei se habería posibilidade ou non, de pedir a quen ten a capacidade de deixarnos poñer unha cabina alí na rotonda onde está ferroatlántica e poñer unha persona como estaba antes Julio o que estaba no cruce do Roget, para cobrar o... (inutilizable), e entón dirixir a xente obxectivamente para onde ten que ir, porque esa é a realidade, e sobre todo é a realidade e non por capricho, porque tampouco nos enganemos, o camiño realmente era un camiño Santiago-Fisterra e esa é a tradición prexacobea, unha tradición totalmente anterior a que na Edad Media aparece a ruta xacobea como tal, esa é a base histórica que leva o camiño a Fisterra, posteriormente, aí tivo que ver moito no seu momento os intereses socioeconómicos do territorio e turísticos fíxose prolongación de Fisterra a Muxía, pero era unha prolongación digamos que buscaba máis un rendemento económico en base o turismo que outra cuestión, porque non nos enganemos, o santuario da Barca é un santuario Mariano, e os santuarios marianos non teñen nada que ver coas rutas xacobeanas, pero nin coa ruta xacobea relixiosa, xa non falo da anterior, pero bueno,



ninguén a cuestionou, nin eu a cuestiono, eu o que cuestiono é que vaia por onde ten que ir, o que me chama a atención e que Corcubión nunca protesta, que son os únicos que non lle pasa por ningún lado, porque nos aínda que vaian por muxía teñen que volver por Lires, co cual pasan por Cee, pero bueno, non pasan polo medio do pueblo, pero a realidade é esa, nos afecta a nos de xeito importante, porque eso xenera economía, e a Corcubión por suposto, que non entendo nunca e llo dixen máis dunha vez ao alcalde, o alcalde actual pero noutra etapa, que non fixeron nada nese sentido, que sí que debemos evitar enfrentamentos estúpidos, porque a unión é moito máis importante, pero si que é verdade que non debemos tampouco pisotear e amilanarnos ante a fortaleza sociopolítica que se poida ter nun momento determinado en determinadas estruturas.

Sra. Alcaldesa bueno soamente unha matización con respecto o que comentaba de Corcubión, agora temos a asociación esta do Camiño e tivemos unha primeira reunión e o concello de Corcubión, o alcalde protestou bastante.

Sr. Vigo. Non, eu falo de antes, eu decíallo ademais persoalmente, pero se eres o máis interesado, porque e que a vos non vos pasa por ningún lado, nin vindo nin indo, é dicir...

Sr. Vigo No, no, pero se queredes, eu tiña algunha pregunta tamén e xa continuaba.

Sra. Alcaldesa: Desculpe, pensei que acabara

Sr. Vigo: No, eso foi unha intervención a raíz de que tiña certo coñecemento sobre o que se estaba plantexando. Pero unha cuestión, o 9 de maio houbo un problema e creo que máis días, e algúns camións xa deixaron de pasar porque parece ser que a obra que se fixo, que fixo a xunta de contención da estrada en Carbuos pois lles xenera problemas a algúns camións para poder maniobrar na entrada, e bueno, pois ese día en concreto hubo un atranco importante pero houbo máis veces, eu non sei se ten constancia, se vai facer algunha xestión nese sentido ou non.

Sra. Alcaldesa: A mín non me deron traslado de nada deso

Sr. Vigo: Pois teñen dificultades eu teño constancia dese día en concreto

Sra. Alcaldesa: Preguntarei, preguntarei pero a mín ...

Sra. Iglesias: Os envié una foto agora a los concejales.

Sra. Alcaldesa: Ahh nos mandaste agora

Sr. Domínguez: ... Inintelixible

Sr. Vigo: Debe haber algo que se mete máis entón automaticamente chega ata o medio do camiión, non sei o que pasou ese día.

Sra. Alcaldesa: Vale, pois pregunto, fago as xestións correspondentes

Sr. Domínguez: No, pero eu creo que achicar non se achicou a calle

Sra. Alcaldesa: No, achicar non se achicou, limpiouse, todo o contrario.

Sr. Vigo: No, a ver, a forma que se utilizou eu entendo que foi poñerlle hormigón ao muro que había e unhas salidas de auga que é o que se fai habitualmente, eu non sei se eso provocou algún tipo de problema ou non, sei que ese día pasou eso pasou cun camiión que había certo malestar entre os que... bueno, entre os que, entre os camioneros, pero non sei se volviu a pasar, se foi solo ese día, se é un problema que se mantén no tempo, eso si que non o sei, pregunto simplemente para que ...

Sra. Alcaldesa: eu non teño constancia, nin me chamaron para nada, nin me dixeron nada sobre esto, pero bueno preguntarei, o camiión non sabedes de quen era?

Sra. Iglesias: No sé, por lo que comentaban allí, que no era la primera vez eh, no sé, yo no entiendo nada tonelaje ni nada, vereis en la foto (inintelixible) hai una justo en la curva sale una



lombita para fuera, y entonces la cabina ahí no les deja porque les toca en la esquina de la pared, yo iba caminando había tres camiones esperando y salió la gente del comedor y tal, y la gente protestando y decían "esto xa non é a primeira vez que pasa, aquí tiñan que facer un talud doutra maneira..." yo os hice las fotos para que lo vierais, por lo que si ese problema existe pues...

Sra. Alcaldesa: Hai que darlle unha solución, vale, perfecto, pois pregunto e...falo tamén coa empresa que fixo a obra.

Sr. Vigo: Ben, outra pregunta, simplemente, sei que retiraron, non sei porque motivo, se foi por un problema de algunha peste, algún problema das árbores que había aquí no lateral da praza da muller e se puxeron outras no sitio o que pasa é que claro, son tan pequenas con un tronco con tan pouco grosor, que hai unha diferenza sustancialmente importante que estéticamente digamos que desequilibra a simetría que tiña a praza, eu sei que as árbores canto máis grosor teñan, máis costan, seino polas que se puxeron aquí diante do concello, pero bueno posiblemente sería millor utilizar unhas árbores un pouco máis xa desenvoladas para que bueno a estética fora parecida a que había. Non sei porque se quitaron eh tampouco.

Sra. Alcaldesa: As que se quitaron, se quitaron porque estaban mortas.

Sr. Vigo: Vale, ben, secadra foi dunha plaga, despois de dous días morreron, o xardineiro plantou esas plantas e plantounas, pero eu coincido con vostede de que esteticamente non queda ben, falei xa co xardineiro para ver se podía encargarse unhas cun tamaño máis, bueno máis considerable para que esteticamente quedara mellor, porque esas plantas noutro sitio non pasa nada.

sr. vigo: Non se teñen que perder, tampouco

Sra. Alcaldesa: Pero bueno, que está mirado, porque non son fáciles, parece ser, de conseguir, o mesmo tipo de árbore, pero bueno, estamos neso

Sr. Vigo: Para finalizar, non todo van a ser preguntas ou cuestións negativas, felicítala polo resultado da Praza de Concha Blanco, que dou resposta o acordo unánime desta corporación, a min persoalmente a estética do pergamino, bueno o texto xa sabemos que é dela, entonces evidentemente pode gustarnos ou non, e se nos gusta pois o merecemento é da autora e pero... o pergamino, a propia placa, seguindo a estética un pouco que iniciamos en diferentes formas a modo de placa de parede cando se inaugurou a Praza Otero Lastres ou a modo de placa encastrada nunha pedra como é neste caso no motivo escultórico do camiño, ca lenda "Cee no Camiño, nese sentido parece que estéticamente quedou ben, tamén quedou ben que os camiños que dan acceso a parte central da praza se lle puxera un hormigón tintado pulido, non sei se pulido, pero tintado e desaparecera xa o morrillo que levaba ahí máis de 20 anos que foi unha opción provisional, pero neste concello a provisionalidade ten unha tendencia a envellecere e o final pois celebramos as vodas de prata sempre do que é provisional, pero bueno, nese sentido, a nosa felicitación porque quedou ben, osea que a parte da resposta ao acordo plenario se fixo o neso xeito dende un punto de vista estético de forma pois... atractiva.

Sra. Alcaldesa: Se agradece

Sr. Vigo: Nada máis

Sra. Alcaldesa: Gracias

Sr. Dominguez Louro: Ben, eu para enlazar co que falou antes o voceiro do partido poular y tamén despois o voceiro de independentes por Cee referido o Camiño de Santiago, estas semanas pasadas tiven a oportunidade de andar máis por Cee por razóns de vacacións y topeime con varias persoas que me dixeron que unha vez que se recupere certa actividade de chegada de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



peregrinos e peregrinas que notan que non entran o pobo, que volven a pasar polo recheo y demais, e diciánme que a ver se podíamos facer algo entre todos para que viñeran o pobo, evidentemente e bo que veñan, que pasen por diante das tendas que pensen en xantar ou cear aquí, ou pernoctar y demais, evidentemente hay que pensar como facelo y demais pero eu creo que é importante que non atallen, o mellor hai que facer como dixo o sr. Vigo de meter alguén aí, non pero bueno, hai que buscar a maneira porque evidentemente é unha actividade económica que non debemos desperdiciar que é realmente importante y e mais nos tempos que corren, non, sobre todo para a hostelería, neste caso. Y tamén enlazando co tema de... inentilixible... un veciño da parroquia de Lires decíame o outro día que en varias ocasións ten atopado a peregrinos a altura de Tedin, de Cabaleriza de Sembra que van perdidos, eu entendo que se perderán entre Lires e Canosa, que non deberían, porque agora a sinalización está ben, pero bueno, por un despiste ou polo que sexa entón collen a estrada a Toba o que pasa e que desapareceu no cruce que vai a Padrís, Sardiñeiro y demais, desapareceu o sinal que había alí que poñía Fisterra, co cual eles siguen para adiante e vanse, perdense máis para adiante, pois entón sería bó botar un sinal alí aínda que non sea máis que dirección Cee porque é por onde eles o encontrar, porque non o ven, pero bueno, non me fixei no outro se está ou non está, sinceramente, si é bo repoñer ese sinal. Y a raíz disto, a realidade é que pensei que non era noso aquilo, pensei que era do concello de Fisterra, y entón reclameille un día que vin o tenente de alcalde e me dixo que non, que o cruce que era territorio noso, y e mais, incluso porque vacileino dicíndille que aquela estrada ten moita falta de arranxar porque está toda desfeita y me dixo bueno, tiven que recibir o vacile de que parte é nosa, que hai non sei 150 - 200 metros vos saberedes máis que eu se esa vía e toda nosa si é deles, pero bueno, non sei como se arranxou noutras ocasións se vos cadrou a vos ou non, pero a realidade é que está totalmente desfeita, pero entón sería bó falar ...

Sra. Alcaldesa: Co alcalde de Fisterra

Sr. Dominguez Louro: co alcalde de Fisterra, i ver si aquel é tramo, que tampouco é tanto, polo menos ata Padrís non é tanto, y... se é máis ou menos como me dixo o tenente de alcalde practicamente a metade é noso e mitad é deles, chegando o pobo, despois o resto xa é deles (inentilixible)

Sr. Dominguez Louro: Eso por un lado, polo outro, falamos varios plenos atrás, dous ou tres plenos atrás, unha antena, dunha licenza para unha antena en san Pedro Martir, para o tema de eólicos y demais, e a primeira pregunta é si xa está posta?

Sra. Alcaldesa: A antena está posta, a de medición do vento sí, solamente hai ata aí, non hai máis.

Sr. Dominguez Louro: si correcto, y a información que ten é a que me deu aquel día.

Sra. Alcaldesa: Non hai máis.

Sr. Dominguez Louro: y... si ten algunha información sobre o parque denominado Sembra que apareceu estos días nos medios de comunicación que é de ámbito estatal porque supera os 50 MW 67,5 para ser máis exactos e que afecta aos concellos de Cee, Fisterra ou Dumbría, se ten algunha información sobre iso ou sabe o mesmo que nos?

Sra. Alcaldesa: Mirei no rexistro de entrada porque me chamaron dos medios de comunicación preguntando por iso, no rexistro de entrada non hai nada, non hai presentado nada, é dicir, nada. Sei o mesmo que sabedes vos polo tema da prensa, nada máis.

Sr. Domínguez Louro: Rogo que se ten algunha información nola faga saber o antes posible e... nada máis.

Sra. Alcaldesa: Tan pronto teña información fágoa saber. Sr.Hermida?

Sr.Hermida: reiterando como os demais grupos, lóxicamente, intentar apoiar o máximo o camiño, e despois con relacionado a eso, non sei, preguntar se tíñas algunhas datas das obras que



aprobáramos no POS ou na obra xeral, ou tíñamos algunhas datas xa de execución.

Sra. Alcadesa: Das do POS, as do POS iban hoxe a Pleno aínda da Deputación, co tema de Ponteceso pois retrasou a aprobación por parte da deputación, tan pronto o aproben, nos o que sí xa temos todos os permisos, os proxectos feitos e xa directamente xa licitamos, temos o traballo xa todo avanzado, pero ten que vir a aprobación.

Sr. Hermida: Máis nada porque o verán logo pasa e metémonos no inverno, e adiantar o máximo que se poda.

Sra. Alcadesa: vai o mércores a pleno, porque fixeron a ponte polo tema de San Xoan. O mércores o levan a pleno. Para o verán non da tempo, entre licitalos e todo, non da tempo.

Sr. Hermida: Pois ... nada máis.

Sra. Alcadesa: Nada máis, pois nada, moitas grazas e levántase a sesión.

Sr. Pérez: Sí, unha pregunta, unha pregunta para tódolos portavoces ... inentilixible

Sr. Domínguez: Non estaban recollidos no...cales eran exactamente as demandas?

Sra. Alcadesa: Era o apoio aos traballadores o tema do despedimento..

Sr. Pérez: Podo lelas ... son dúas inentilixible

Sra Alcadesa: Perdón, podes vir porque senón non graba

Sr. Pérez: A primeira é a inmediata posta en marcha dos fornos e a cobertura de todos os postos de traballo destruídos na plantilla, emprego eventual e auxiliares dende xullo de 2019, asimesmo a inmediata readmisión do traballador recentemente despedido, recentemente e inxustamente despedido. E a segunda é o apoio as reivindicacións e accións legais e xudiciais postas en marcha polo comité de empresa na reclamación ante a Xunta de Galicia e ante os tribunais para que se recoñeza a nulidade da operación de venta realizada polo grupo Ferroatlántica - ferroglobe a ithaka por non terse requerido autorización administrativa previa como no ano 1992.

Sr. Dominguez: inintelixible

Sra. Secretaria: Antonio por favor, e que senon non sale grabado.

Sr. Dominguez: Digo... as dúas primeiras podemos aceptalas, a última no.

Sr. Pérez: Son dúas

Sr. Domínguez: Son tres

Sr. Pérez: No, son dúas. A primeira é a cobertura dos postos de traballo e a readmisión do traballador despedido, e a segunda é a da nulidade da operación de ...

Sr. Domínguez: A segunda non a apoiamos.

Sr. Vigo: No noso caso, a primeira é dobre, entón nos entendemos que hai unha parte que sí...

Sr. Pérez: A primeira é dobre pero aquí está como unha.

Sr. Vigo: Xa, pero bueno, eu teño que, si teño que tomar unha decisión como única me abstendría, pero teño que xustificar cal sería esa abstención, eu estou de acordo co que sea a conservación, cubrir as prazas de xubilación, que non se destrua emprego con respecto o que había cando se fixo o cambio, nos estamos de acordo, no tema do despedimento non é que estemos de acordo ou desacordo, creemos que é unha cuestión que é de ámbito empresarial e sindical e de momento ten que responderse aí e non no ámbito político dun pleno corporativo, penso que aí nos temos pouco que dicir a día de hoxe. No outro non, porque o outro si fai referencia a digamos vinculación da explotación hidroeléctrica co mantemento dos postos de traballo na empresa. Un despido pode habelo exactamente igual aínda que haxa ese tipo de cláusulas ou condicións, porque os despidos nas empresas podense producir por moitos motivos e algúns poden ter razón ou non. Neste caso non sei se ten razón ou deixa de tela pero creo que non é un tema de competencia municipal, e na cuestión segunda, evidentemente se hai un fraude no que é a compraventa que incumple digamos as condicións administrativas que dan lugar a ela pois está claro que nos tamén estaríamos de acordo. Pero a primeira para mín é dobre e non podes sumar así en conxunto porque non tería sentido desde un punto de vista político co pleno corporativo do concello de Cee, dende o meu punto de vista. E



descoñeza cal foron ... inentilixible... os motivos, a realidade, non sei se é achacable ou non a situación que hai, que pode ser, e verdade que cando hai un conflito nunha empresa o final o ambiente se enrarece e xenera unha serie de circunstancias que provocan outras que en condicións normais non se producirían, pode selo, pero ... de calquer xeito ten que se resolver no ámbito de relación da empresa co sindicato e cos traballadores, non no ámbito político, entendo eu.

Sr. Pérez: Entonces son tres, explícame, a primeira sí ... inentilixible

Sr. Vigo: No primeiro punto, a parte que fai referencia a manter os postos de traballo, a que realmente é o grueso do que nos defendemos sempre, aí estamos de acordo. Na segunda, no tema do despedimento do traballador, eu creo que é unha cuestión puramente laboral e do ámbito de empresa cos sindicatos, e despois a partir de aí xa veremos se ten outro tipo de connotacións, pero non creo que sea algo que teñamos que debatir politicamente no pleno do concello. E na segunda aí que sería a terceira, entendo que sí, si incumple dende un xeito administrativo

Sr. Domínguez: Pero eso teno que dicir un xulgado

Sr. Vigo: Xa, xa, pero ...

Sr. Pérez: Esto é unha demanda que fai o comité... eles queren saber si ... os membros desta corporación os apoian ou non, inentilixible deixarlle clara cada unha das nosas posturas.

Sr. Vigo: Xa, pero sabes o que pasa, o outro día non se lle deixou claro nada de eso en ese sentido eu xa o vin despois a resposta según o nivel de prensa. Hai unha reunión que convoca a alcaldesa a raiz dunhas peticións previas do comité para falar do problema en xeral, non exclusivamente dese escrito entón claro o final non se resolveu nada nesa reunión con respecto ao escrito, por eso estás preguntando ti agora.

Sr. Hermida: Eu volvo a reiterar o que lle reiterarei o outro día diante do comité, na primeira pregunta estou co Sr. Vigo que son dúas nunha, no tema dos postos de traballo lóxicamente que vamos a estar a favor sempre, despois no de reinserción da persona, se ten o seu dereito pois claro que tamén e na segunda que ven aí no escrito, como lle reiterarei o outro día eu non podo apoiala en base a que, non teño unha base en que apoiala, cando o diga un tribunal, pois claro que o apoiaremos.

Sra. Alcaldesa: Bueno por parte do Partido Socialista, do Goberno, creo que nesa reunión xa nos manifestamos de forma moi clara.

Sr. Pérez: Inintelixible... vostede dixo claramente que a segunda que tiña que estudiala.

Sra. Alcaldesa: no no, eu dixen claramente con respecto a segunda...

Sr. Pérez: Inintelixible

Sr. Domínguez: estábamos de acordo nos informes xurídicos

Sra. Alcaldesa: Claro. Con respecto a segunda o que dixen claramente era que desde o goberno se apoiaba as accións xudiciais correspondentes, as accións xudiciais correspondentes para esclarecer se esa venda foi nula ou non foi nula, vale, as accións xudiciais por parte do comité.

Sr. Pérez: Eso non se dixo o outro día, díxose que quedaba no aire porque eu creo que... acaba de dicilo o Sr. Vigo

Sra. Alcaldesa: En primeiro lugar nesa reunión o que se plantexaba e o que se traía era o tema de solicitar un informe xurídico para coñecer ou ter a base suficiente para a fixación dos criterios para o mantemento do emprego con respecto a sentenza, e nese punto creo que estábamos todos de acordo, por parte do partido popular, por parte de independentes por Cee, por parte de cidadanos estaban de acordo en solicitar dito informe, e por parte do BNG pronunciouse que sí, logo posteriormente en base a un whatsapp que me enviou o portavoz do BNG dado que o comité me envía tamén un whatsapp dicindo que se non se apoia no comunicado de prensa expresamente as súas peticións pois que non apoiaban a petición da solicitude dun informe, pois o portavoz do BNG trasladoume que a vosa postura era coincidente ca do comité de empresa, entón claro, eu tampouco sei se por parte do BNG quere que se solicite ou non ese informe, porque agora sí que eu non o teño claro. O que está claro e que a maioría desta corporación, xa o vou a deixar claro, a maioría desta corporación tomou unha decisión ese día que é a de solicitar ese informe e con independencia do que decida o BNG ou con independencia do que decida o presidente ou



determinados membros do comité, porque todos os membros do comité non tiñan coñecemento da posición do presidente que me enviou a través do whatsapp e si o portavoz do PP, o sr. Domínguez, o Sr. Vigo e o Sr. Hermida manteñen a súa postura firme de solicitar ese informe, evidentemente vaise solicitar, porque por enriba de todo...

Sr. Pérez: Vamos a ver, estaba preguntando eu, primeiro contestádeme a mín e despois...

Sra. Alcaldesa: Mira, usted pode chegar aquí, facer preguntas cando estamos en rogos e preguntas, e as peticións ou rogos e preguntas son a alcaldesa ou alcalde, vale, non son os grupos, e nos larga aquí un espiche político en rogos e preguntas e agora me di e que estou falando eu e que eu ...

Sr. Pérez: Non fixen ningún espiche político, simplemente fago unha pregunta porque non quedou claro aquel día a nosa postura, a postura de cada grupo, simplemente estou preguntando que cada portavoz se pronuncie.

Sra. Alcaldesa: Con respecto o Goberno, xa digo, o que apoia é as accións xudiciais correspondentes que inicie o comité para esclarecer se a venda é nula ou non é nula, pero quen se ten que pronunciar é un xulgado, e un xuíz.

Sr. Perez: pero xa pon aquí ... inentilixible

Sra. Alcaldesa: As accións legais correspondentes para esclarecer a venda estamos de acordo.

Sr. Domínguez: Apoiar a anulación da venda, nos aí non estamos de acordo.

Sr. Vigo: Inintelixible

Sr. Pérez: Vouno volver a ler, o apoio as reivindicacións e accións legais e xudiciais postas en marcha polo comité de empresa na reclamación ante a xunta de Galicia e ante os tribunais para que se recoñeza a nulidade da operación de venda realizada polo grupo Ferroatlántica - Ferroglobe ...

Sr. Domínguez: Tu vas encamiñado a que se recoñeza, eu quero que se recoñeza se é reconecible, se é fraudulentamente, senon non.

Sr. Pérez: pero ... pero...

Sra. Alcaldesa: A redacción non nos convence.

Sr. Domínguez: Anticipámonos nos... inentilixible, eso xa o decidirá o xulgado

Sr. Vigo: A parte outra cuestión, estamos mezclando temas sobre o mesmo, o comité non ten nada que dicir, bueno, pode dicir o que queira, non ten capacidade para tomar decisións sobre o que vai a facer o pleno do concello do Cee. Se o pleno do concello de Cee acorda pedir un informe para esclarecer unha situación, é un acordo do pleno do concello de Cee, e o comité pode gustarlle ou non gustarlle, e pode gustarlle o sentido no que se plantexa a petición dese informe ou non, eu quedei sorprendido polos dous correos que recibín da alcaldesa nese sentido, porque non entendía moi ben porque nos tiñamos que cambiar o paso nese sentido, pero con respecto a esas preguntas que non se plantexaron, eu dou unha resposta clara e xa a digo, parte un apoio ao mantemento dos postos de traballo para mín e condición sine qua non para conservar a explotación hidroeléctrica de Cee, penso que é condición sine qua non, e a outra, non sei se hai razóns ou non, non o sei, e como se me piden a mín de calquera empresa de Cee que apoiemos calquer despido ou calquer ... e que eu non sei se hai razóns ou non para ese despedimento, son procedemento diferente, e no ámbito da relación laboral da empresa e no ámbito xudicial do social que corresponda, é dicir, non é un tema político, salvo que tivera matices políticos, entón aí poderíamos entrar a facer un apoio ou valoración, pero de momento en principio non creo que sexa o momento da corporación de Cee valorar o despedimentos puntuais.

Sr. Perez: inentilixible... o máis interesante que se dixo o outro día aquí... inintelixible... eu non se me ocorrera pensar en eso pero é verdade, cando un membro do comité dixo que eles tiñan que dedicarse a súa actividade sindical e quen tiña que estar loitando polos postos de traballo na costa da morte tiñan que ser os representantes políticos, elixidos polo pobo, esos son os que tiñan que estar loitando, non deberían de vir aquí pedir o noso apoio, a iniciativa debería de saír de aquí, non solo de aquí, de aquí e do resto de plenos da comarca, pero bueno, estamos así, igual temos que aprender a facer as cousas de outra maneira. Eu solo quero dicir que desde o BNG de Cee vamos apoiar todas as demandas, consideramos que xa as teñen eles analizadas, e ... teñen equipos xurídicos



competentes e que vamos a apoiar todas que fagan o comité no sentido de que se conserve o traballo industrial, esa industria na zona, porque creemos que é importante para toda a comarca.

Sr. Vigo: Eu levo 25 anos sentado neste pleno, e pódolle dicir que vin en moi poucas ocasións desafección dos membros do mesmo con respecto a o mantemento dos postos de traballo en esa empresa en concreto e en xeral, o apoio deste pleno foi sempre nesa liña, sempre, e díxeno tamén, neste pleno e noutros órganos que tiveron oportunidade de presidir, de que non considero que fora sempre así desde o movemento sindical, porque secadra o movemento sindical en moitos momentos desta historia non traballaron a prol do emprego, e máis ben a prol de outro tipo de cuestións e en base a relacións nocivas, por engaño ou porque lles apeteciu, pero esa é a realidade, pero a pesar...

Sr. Pérez: Pero eso é historia

Sr. Vigo: É unha historia recente, pero a pesar deso, eu sigo dicindo o mesmo, eu vou a estar sempre na defensa dos postos de traballo, porque eso xenera economía e aí teñen razón os sindicatos cando dín que nos como políticos, como representantes dos cidadáns de Cee, e non só nos, senon os da comarca, debemos defender eso porque é o que nos queda, e se deixamos perder as posibilidades (...) inintelixible, ao final estamos condenados a morrer, entón nese sentido, pero volvo a reiterar, non vin nunca desafección, independentemente da ideoloxía de cada quen e de todas estas cousas, pero nese sentido eu non o vin, secadra o hai pero eu non o notei, poder ser, pero non o vin.

Sr. Domínguez García: Perdona un momento, nese informe xurídico non iba encamiñado a desenvolver a sentenza do tribunal superior para fixar o que é a plantilla e fixar, non iba encamiñado así? eu creo que eso é o que debemos de apoiar, porque o que nos interesa é eso, que se fije, porque a sentenza do tribunal superior e outra do supremo, dicen que non se pode segregar, y que as centrales son para manter a actividade industrial e os postos de traballo.

Sra. Alcaldesa: Exactamente

Sr. Domínguez García: O que fai falta é fixar o número de postos de traballo, e aí e onde quedamos que o informe xurídico ese axudaría a desenvolver esa sentenza para fixar dunha vez por todas unha plantilla, pa fixar a plantilla, e eso foi no que quedamos

Sra. Alcaldesa: Eso foi o que se acordou.

Sr. Pérez: Vale.

Sra. Alcaldesa: Deixame un segundo, porque esto hai que aclaralo, vale, eso foi o que se acordou e quedamos todos conformes en que se iba facer eso e para defender os postos de traballo, evidentemente a corporación de Cee sempre defende os postos de traballo, todos, pero mira, con posterioridade enviouseme un whatsapp dicíndome que se non se apoiaba expresamente, por tódolos grupos, as propostas que acabas de indicar que non se apoiaba a petición do informe, por parte do comité. Entón, é dicir, bueno, coincido co Sr. Vigo que a corporación, ou polo menos este goberno e a maioría da corporación non nos condiciona para nada a posición

Sr. Pérez: Pido disculpas si cas miñas palabras ofendín a alguén simplemente creo que ese comentario que se fixo desde un membro do comité creo que é acertado, porque eles terían que estar dedicándose ao seu traballo e quen tiña que mirar polos postos de traballo da comarca son os gobernantes da comarca, nada máis, e ese matiz, non estou atacando a ninguén en concreto, o mellor é unha cousa que estamos facendo mal entre todos, pero bueno hai outra cousa que quería dicir e xa con esto acabo.

Sra. Alcaldesa: Estase solapando o micro.

Sr. Pérez: Bueno, non sei, do que se trata é que todos esos postos de traballo que había en ferroatlántica, tanto directos como indirectos, son necesarios para a nosa economía, son moi necesarios, son cartos que circulan entre nos en todos os negocios desta vila e do resto da comarca, vale, no caso de que a empresa que está dirixindo agora este tema siga empeñada en, en, na súa meta, que é desligar a fabricación do río, da produción de enerxía eléctrica, o que habería que facer, e para eso a Xunta é a garante da concesión, terían que sacarlle a concesión e poñela no mercado, para que veña unha empresa que a cambio de explota a auga do río Xallas, teña un proxecto industrial para esta comarca e que substituya o que se fixo hasta agora, non fai falta sea, díxeno o outro día,



non fai falta que faga ferrosilicio, poden facer baterías... pero ten que haber un proxecto industrial a cambio de explotar unha mina de ouro tan importante como é o río Xallas. O río Xallas non ten que estar ligado toda a vida a familia Villar Mir. Pode vir xente no futuro que o leve doutra maneira e que teña unha relación máis de ... respecto con esta comarca, non o que está pasando agora.

Sr. Domínguez García: Desde o ano 92 tódolas empresas que pasaron por aí, todas intentaron facer a segregación, das ferroaleacións das centrais.

Sr. Pérez: Bueno, pero nos non podemos consentilo.

Sr. Domínguez García: e desde o concello e desde a Xunta de Galicia non se lle permitiu, nin se lle está permitindo tampouco, nin se lle vai permitir tampouco a esta empresa de agora. Y agora o que queremos é a sentenza do tribunal superior e do supremo xa nos din o que nos din agora simplemente o que é necesario é desenvolver esa sentenza para saber exactamente o número de postos de traballo que hai que manter, están obrigados a manter. Osea, se resolvemos eso e que non fai falta buscar máis cousas, nin liar o palangre máis, nin ... simplemente a través dese informe xurídico pois presentar o contencioso que sea necesario para que un xulgado nos diga, ben pois mira, hai que manter a plantilla que había en tal ano, pois 300 traballadores, vale, e a partir de aí, pois acabouse o problema, se non sempre, claro, o non haber unha plantilla fijada aí temos o problema, eso é o que se pretendiu, e é o que se aprobou o outro día, foi pedir ese informe xurídico para conseguir eso, eso foi o que se aprobou o outro día, e meter máis cousas no medio é lialo palangre, en vez de resolver o problema é lialo.

Sr. Pérez: Vale, pero deixalo así tamén é enlialo, porque os tempos da xustiza e os tempos da administración son moi lentos e esos tempos tan lentos van a favor dos que queren conseguir o obxectivo da segregación, entonces mentras tanto, mentras se resolve eses temas xudiciais hai que facer máis cousas, y e que, mirar, non sei, retomar ese tema doutra maneira, porque que importa que haxa unha resolución xudicial dentro de 10 anos, se o mellor xa non hai nada, o ritmo que vai, non se substitúe ningunha persoa das que salen.

Sr. Vigo: Aí terías base para poder iniciar o que realmente agora sería moi complicado, que é un rescate da concesión, a concesión non é chegar e tu fuera, eso ten un procedemento administrativo moi complexo.

Sr. Domínguez García: Moi largo

Sr. Vigo: E neste ámbito todavía máis, e por encima se a empresa está e... totalmente en contra, con obxectivos distintos, vai a poñer todos os atrancos que teña o seu alcance para que eso sea así, pero se realmente pasa eso en dez anos aquí non hai actividade industrial, e aquí non hai traballadores, tes unha baza para facer ese rescate e facer o que ti dis, pero a día de hoxe eso non se pode facer, desgraciadamente non se pode facer e non nos enganemos, a familia Villar Mir chegou a Cee no 92, pero Carburos é de 1909 e esto empezou o revés, aquí se montan uhas ferroaleacións porque hai unha posibilidade de xenerar enerxía a baixo coste para darlle enerxía a esa empresa, non o revés, e despois circunstancialmente fíxose o cambio que é o que da pe a que hoxe estemos como estamos avalados digamos xuridicamente, pero eso foi posterior, porque aí hubo un momento que posiblemente hubo que volver a otorgar a concesión e aí se puxeron unha serie de cláusulas que fixeron distinta a realidade. E esas son as cláusulas que hai, e eu personalmente na medida que me tocou participar digamos de un xeito máis activo y directo, eu podo decir o procedemento a Xunta de Galicia seguiu de forma impecable, a empresa, pois non, eu pódooche dicir que estou convencido que chámese Villar Mir, Ithaka, o que queiras, Astrazéneca, se querés chamarlle porque ten mal nome, van intentar, van intentar o seu obxectivo, o seu obxectivo é a enerxía eléctrica, punto, e o resto non interesa, e o noso obxectivo é que aquí haxa un tecido industrial porque é digamos un medio de vida que temos e unha forma de aproveitar pois que nos chova máis da mitad do ano

Sr. Pérez: Falaches moi ben, como sempre, pero e... entonces temos que estar todos unidos en torno a ese obxectivo, que é defender que aquí ten que haber, ten que haber vida, se é lícito que eles intenten facer o seu nos tamén temos que defendernos,

Sr. Dominguez: Claro



Exp. 2021/G010/000009

Sr. Pérez: xa, pero quere dicir, ti crees, e agora estou falando contigo, a pregunta vai para ti, ti crees que desde as institucións que teñen poder estase facendo todo o que hai que facer para... para... aguantar dos postos de traballo aquí?

Sr. Vigo: Eu penso que están facendo o que deben de facer, agora hai unha cuestión, tamén non me consta, senón intuo, porque sei de que vai esto a un nivel máis baixo do ámbito público, que as presións que teñen que ter son inmensas, pero agora, desde un punto de vista administrativo e legal, creo que están facendo o que deben facer, penso, secadra me equivoco, pero penso que sí, e penso ademáis, penso ademáis que si estiveran os socialistas ou vos gobernando, non o faríades de xeito diferente porque tampouco teríades... inintelixible

Sr. Pérez: Eso podemos probalo, eh, ojalá teñamos a oportunidade de comprobalo

Falan ao mesmo tempo Sr. Perez, Sr. Domínguez e Sr. Vigo, risas, inintelixible

Sra. Alcaldesa: Solamente dous matices, xa se comprobou na última iniciativa parlamentaria presentada polo Partido Socialista con respecto a defensa e fixación dos criterios que o BNG se abstivo no parlamento sendo o grupo maioritario da oposición, aí se tería que ver, eso por un lado por outro lado, o importante, o importante é dous puntos da sentenza, dunha vez por todas a non segregación, xa non é posible, non se pode segregar, xa dí unha sentenza do TSJ con un pronunciamiento firme por parte do Supremo de que non é posible a segregación e por outra parte, no caso de perdas de ferroaleacións se teñen que cubrir as perdas ca enerxía eléctrica, aínda que sean actividades independentes e mutuamente, eso queda fixado dunha forma xa firme e clara e creo que xa se deu un avance importante, agora, hai que seguir co seguinte paso pero creo que hasta agora eses dous datos son moi importantes, e nos levou anos conseguilo.

Sr. Pérez: Non teño máis preguntas

Sra. Alcaldesa: levántase a sesión, dime Serxio.

Sr. Domínguez Louro: Simplemente por un matiz, por un tema do parlamento, o BNG abstense e o deputado explica perfectamente e está para ver no diario de sesións, está para ver nas redes sociais, (inaudible), que non ten nada que ver ca maioría do que se dixo, (inaudible) todo ten matices, como vostede acaba de dar un matiz, (inintelixible) o BNG tamén ten matices, inintelixible, se queres falámolo, eu creo que non é o momento agora.

Sra. Alcaldesa: Porque non interesa, claro, exactamente porque non interesa entrar nese debate, aquí estamos, no, non mire, estamos en rogos e preguntas, o tema era sacar o tema de Xeal, preguntar aos grupos a posición do outro día que quedou moi clara na reunión co comité, por parte de cada grupo se pronunciou e quedou moi clara, despois houbo en cambio de criterio por parte do presidente do comité, por parte do BNG con respecto a petición do informe, e con respecto o que pasou na sesión parlamentaria, vale, solamente fai falta ver o vídeo

Sr. Domínguez Louro: Pois por iso, pois por iso (inintelixible)

Sra. Alcaldesa e Sr. Domínguez Louro a un tempo, (inintelixible)

Sra. Alcaldesa: Xa vin o vídeo perfectamente

Sr. Domínguez Louro: Eu xa sei que solo ten que ver o vídeo, (Inintelixible)

Sra. Alcaldesa: Mire, na posición de fortaleza

Sr. Domínguez Louro: O debate estaba indo ben ata que vostede soltou eso o final.

Sra. Alcaldesa: Porque non lle gusta, porque non lle gusta escoitar a verdade.

Sr. Pérez: Porque estábamos coincidindo

Sr. Domínguez Louro: A verdade é relativa, a verdade non é súa, a verdade é relativa, a verdade non é súa, a súa verdade, pero hai outra verdade

Sra. Alcaldesa: A verdade da abstención, a verdade de que se non se fai o que diga o BNG de Cee ou se non se fai o que diga o presidente do comité, non vale, esa é a verdade, claro.

Sr. Domínguez Louro: Pero hai posturas, tivemos unha reunión telemática na que eu lle expusen claramente cales son os criterios da fixación de emprego, as unidades produtivas funcionando, todas, punto, debatémolo aquel día, vostede ten unha postura e eu teño outra, punto. Y no que acaba vostede de referirse é exactamente igual, y non hai unha verdade, hai moitas verdades, porque a



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Exp. 2021/G010/000009

verdade é relativa, non me pode dicir que non me gusta escoitar a verdade, claro que me gusta escoitar a verdade, o mellor a miña verdade non é a súa, e a súa non é a miña, e non pasa absolutamente nada, o único que lle estou reprochando entre aspas (inintelixible) creo que estivo fora de lugar, e nada máis

Sra. Alcaldesa: É o seu parecer, a mín tamén me parece fora de lugar moitas cousas que vostedes din e xa está.

Sr. Domínguez Louro: Non hai ningún problema con iso.

Ás 21:10 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán